

Cando o público entre, a obra xa estará comezada. A entrada dos espectadores formará parte do espectáculo; todo o que aconteza na sala formará parte do espectáculo: os movementos nas cadeiras, os xiros de cabeza, as buscas das olladas, as toses, alguén que se levanta, o aplauso ou a falta del...

A actriz está na escena e observa ao público.

PÚBLICO 1 - Estamos preparados para a conmoción.

PÚBLICO 2 - Preparados para a acción.

PÚBLICO 3 - Preparados para a risa e para a reflexión.

PÚBLICO 4 - Preparadas para a sorpresa.

PÚBLICO 5 - Absolutamente preparadas para calquera sorpresa.

PÚBLICO 1- Queremos que a actriz nos sorprenda.

PÚBLICO 2 - Queremos que a actriz nos faga pensar.

PÚBLICO 3 - Queremos que a actriz nos procure un momento divertido.

PÚBLICO 4 - Queremos que a actriz nos estimule.

PÚBLICO 5 - Queremos que a actriz sexa a nosa voz.

PÚBLICO 2 - Queremos que a actriz sexa a voz do outro.

PÚBLICO 5 - A do oprimido.

PÚBLICO 4 - A do soberbio.

PÚBLICO 1 - A do ausente.

PÚBLICO 3 - Que nos excite.

PÚBLICO 2 - Que nos emocione.

PÚBLICO 4 - Que nos divirta.

PÚBLICO 2 - Si, que nos divirta.

PÚBLICO 1 - Somos espectadores esixentes.

PÚBLICO 3 - Somos espectadores preparados.

PÚBLICO 4 - Necesitadas.

PÚBLICO 5 – Esixentemente necesitadas.

PÚBLICO 3 - Pagamos a nosa entrada para verte.

PÚBLICO 5 - Para que nos satisfagas.

PÚBLICO 2 - Pagamos a nosa entrada porque temos os cartos precisos para pagar a entrada.

PÚBLICO 1 - Porque non temos fame.

PÚBLICO 4 - Porque non estamos en guerra.

PÚBLICO 1 - Porque non estamos mutilados.

PÚBLICO 2 - Porque os nosos pais non nos mataron.

PÚBLICO 3 - Os nosos pais non nos mataron porque non é fácil enganarnos.

PÚBLICO 1 - Levamos lido moito.

PÚBLICO 4 - Esta non é a primeira obra de teatro á que asistimos.

PÚBLICO 5 - Levamos ido á ópera e ao cinema.

PÚBLICO 3 - A museos de arquitecturas modernistas.

PÚBLICO 2 - Sabemos de emocións fortes.

PÚBLICO 1 - Facemos o amor salvaxemente.

PÚBLICO 5 – Sofisticadamente.

PÚBLICO 2 - Tenramente.

PÚBLICO 3 - Temos coches que alcanzan os trescentos quilómetros por hora.

PÚBLICO 4 - Sabemos das guerras.

PÚBLICO 1 - Coñecemos as datas de guerras.

PÚBLICO 3- Mil novecentos trinta e nove.

PÚBLICO 1 - Mil novecentos catorce.

PÚBLICO 4- Mil oitocentos cincuenta e tres.

PÚBLICO 5 - Coñecemos as teorías marxistas.

PÚBLICO 1 - A filosofía socrática.

PÚBLICO 4 - E a presocrática.

PÚBLICO 2 - Ti tes a obriga de darnos algo máis.

PÚBLICO 3 - Tes a obriga de facernos pensar.

PÚBLICO 5 - Tes que facernos soñar para poder esquecer as teorías marxistas.

PÚBLICO 4 - Esquecer as datas das guerras.

PÚBLICO 3 - Mil novecentos noventa.

PÚBLICO 1- Mil novecentos cincuenta e cinco.

PÚBLICO 4 - Mil novecentos trinta e seis.

PÚBLICO 1- Dous mil once.

PÚBLICO 4 - Dous mil catorce.

PÚBLICO 2 -Porque para iso temos pagado unha entrada cos cartos do noso traballo.

PÚBLICO 1 - Traballamos moito e estamos cansos de traballar.

PÚBLICO 5 - Moi cansas.

PÚBLICO 3 - Esgotados.

PÚBLICO 1 - Esgotados de atender os nosos nenos.

PÚBLICO 2 -E as nosas nais.

PÚBLICO 4 - Queremos que nos libres do esgotamento de atender os nosos nenos.

PÚBLICO 2 - E do esgotamento de atender as nosas nais.

PÚBLICO 4 - Que nos evadas dese esgotamento infernal.

PÚBLICO 3 - Precisamos de ti.

PÚBLICO 1 - Querémoste.

PÚBLICO 4 - Sabemos que non é fácil.

PÚBLICO 2 - Tes a nosa comprensión.

PÚBLICO 4 - Sabemos que non é nada fácil.

PÚBLICO 1 - Por iso te queremos, porque sabemos que nada é fácil.

PÚBLICO 3 - Desexabamos ansiosamente verte.

PÚBLICO 5 - A escena é túa.

PÚBLICO 3 - Tes a liberdade para facer con ela o que desexes.

PÚBLICO 2 - Porque somos humanos e comprendemos a túa humana humanidade.

PÚBLICO 4 - Se esqueces o texto.

PÚBLICO 5 - Se caes e te mancas.

PÚBLICO 1 - Non imos ris se caes e te mancas.

PÚBLICO 2 - Comprenderemos a túa ridiculez se caes e te mancas.

PÚBLICO 3 - Ou se non che chega o ar para dicir un parlamento.

PÚBLICO 2 - Coñecemos a palabra *parlamento*.

PÚBLICO 4 - E *soliloquio*.

PÚBLICO 2 - Comprenderemos se non che chega o ar para un soliloquio.

PÚBLICO 5 - Ou se cae un foco e te esmaga.

PÚBLICO 1 - Non imos rir se un foco te esmaga.

PÚBLICO 2 - Compunxirémonos contigo.

PÚBLICO 4 - Pregaremos por ti e pola túa morte en escena se é que un foco te esmaga.

PÚBLICO 3 - Sempre poden pasar esas cousas.

PÚBLICO 5 - É o prezo que hai que pagar.

PÚBLICO 2 - Nos comprendémoste.

PÚBLICO 1 - E querémoste.

PÚBLICO 4 - Si. Querémoste.

Comeza a soar o Réquiem de Mozart.

PÚBLICO 2 - Silencio!

PÚBLICO 5 - A música é un sinal de silencio! Silencio!

PÚBLICO 3 - Ou de atención! Atención!

PÚBLICO 2 - Silencio!

PÚBLICO 4 - Atención!

*A actriz baila, desesperada e ridiculamente, o Réquiem de Mozart . A actriz dramatiza-
si, dramatiza- o Réquiem, mentres o público ri cada vez máis forte e bate cos pes no chan,
facendo moito ruído.*

Finaliza a peza.

Aplausos.

PÚBLICO 1 - Xenial!

PÚBLICO 3 - Graciosísimo!

PÚBLICO 2 - Irónico!

PÚBLICO 3 - Ironiquísimo!

PÚBLICO 1 - Unha vez fun ver unha función do meu fillo pequeno nun festival de fin de curso. Puxeron este *Requiemdemozart*, este! Os nenos ían vestidos de coellos e saltaban polo escenario. Un dos nenos, o meu, non, outro neno que non era meu, grazas a Deus que non era o meu, quedou nunha esquina do escenario, chorando. Era tan gracioso ver un neno disfrazado de coello, cunha cenoria na man, que choraba mentres o *Requiemdemozart* soaba. Era tan gracioso como agora. Ao neno morréralle a nai había ben pouco, había unhas horas, e o pai, pobre pai, como non sabía onde deixalo, levouno ao colexio co disface de coello, e a profesora especial, a encargada dos casos nos que as nais morren de repente, meteuno alí para que saltase , para que se divertise cos outros nenos, cos nenos con nais, para que non se sentise discriminado. Foi o mellor do festival. Acabo de lembralo.

Silencio breve en que PÚBLICO 1 estraña tempos pasados.

PÚBLICO 1 - Non poderías poñer un disface de coello? Non poderías facelo por min? Para lembrar momentos da miña xuventude... Momentos felices da infancia do meu neno...

A actriz evita os ollos do PÚBLICO 1.

PÚBLICO 1 - Ese día, o día do festival, ao saír merqueille un xeado de aguacate ao meu neno; o pequecho comía no xeado mentres cantaruxaba o *Requiemdemozart*, tería tres anos o moi fillo de puta, con perdón, e xa entoaba perfectamente todas as notas.

Non hai nada mellor que traer ao mundo alguén así, alguén que come xeado de aguacate mentres entoa todas as notas do *Requiemdemozart*. É fantástico!

PÚBLICO 1 cantaruxa o Réquiem.

PÚBLICO 4 - E o final?

PÚBLICO 1 - Que final? Ese é o final.

PÚBLICO 4 - Que pasou co neno que choraba?

PÚBLICO 1 - Seguiron as demais actuacións e todos eran coellos coa mesma música, os de tres anos, os de catro anos, os de cinco anos, os de seis anos, os de sete anos, todos, ata os de trece. Seguían pasando polo escenario e o neno estivo en todas as actuacións. Todas as nais recollían os seus meniños de entre a manda de coellos, pero, como el non tiña nai, ninguén veu sacalo do escenario.

Cando marchamos, o neno quedaba alí.

Igual ao día seguinte o neno aínda estaba alí.

Podería ser que agora estea alí, agardando unha nai.

Non podo sabelo. Non se pode saber o final de todas as actuacións. Existen os finais abertos.

PÚBLICO 5 - Os finais abertos son unha estrutura moi interesante e suxestiva.

PÚBLICO 1 - É un acerto que xa existan nos festivais de fin de curso.

Silencio. Un suspiro.

PÚBLICO 1 - Non poderías poñer un disfraz de coello? Non poderías facelo por min?
Para lembrar momentos da miña xuventude... Momentos felices da infancia do meu
nenos...

A actriz evita os ollos do PÚBLICO 1.